

MARY CHOLMONDELEY

# A traba

Traducido por Matthias Louwen e Sabela Tobar



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Lady Mary Carden, sentada cabo da fiestra aberta do seu toucador azul e branco, dirixía a súa mirada xardesca cara á Park Lane e reparaba no escintileo das árbores de Hyde Park<sup>2</sup>. Era por xuño. O día estaba solleiro. Ao seu redor reinaba a delusoria ledicia da estación, que tremelucía veloz entre a caterva de carruaxes embaixo da súa ventá e avanzaba até se ciscar polo parque, entre paseantes a pé ou de a cabalo. Miraba sen ver. Aquela curiosa congregación de elementos alleos e corpos estraños, aquela *bouille*-

---

<sup>2</sup>Park Lane era xa en 1902 (data de publicación desta obra) a arteria principal de Westminster, convertido nun rico e céntrico municipio de Londres apenas dous anos antes. No século XVI comezou a edificación das primeiras casas campestres, e no XVII a estrada abandonou o seu carácter de vía rural coincidindo co comezo da construción de importantes mansións residenciais de nobres e aristócratas ingleses. A súa conversión en autovía urbana (hoxe Park Lane forma parte do anel de circunvalación da cidade) non se produciría até despois da Segunda Guerra Mundial. Así pois, na época do relato, o acceso ao parque de Hyde Park era fácil e directo. O parque é un dos espazos verdes urbanos máis famosos e extensos do mundo (ocupa máis de 250 hectáreas), e acubilla The Crystal Palace ou o recanto chamado Speaker's Corner, unha tribuna aberta a calquera orador, considerada un símbolo da liberdade de expresión dende que se comezou a utilizar, na segunda metade do século XVIII.

*à-baisse*<sup>3</sup> chamada «Estación» se cadra dera de si todo canto tiña.

Durante os últimos doce anos, Lady Mary Carden percibira nela, unha e outra vez, a insignificante variación que experimentan as xardineiras de flores tras os enreixados. É posible que estivese tan farta da sociedade como chegan a estalo as persoas que a toman en serio. Repetía cadora que «estaba podre até a cerna».

A muller permanecía inmóbil no seu asento. Terminaba dunha carta que mantiña aberta, abstraída nas súas cavilacións.

Na casa reinaba a quietude. Vivía coa súa tía, pero esta marchara cedo pasar o día no campo. O único son –o monótono boureo da ametencia urbana de Londres– proviña de fóra.

Mary tiña trinta anos, unha idade na que moitas mulleres seguen a ser novas e na que algunhas, as que posúen unha cabeza por baixo dos cabelos, aínda non pararon de se elevar cara ao cénit do seu feito. Non obstante, Lady Mary Carden non se contaba entre elas. A súa mocidade estaba claramente en declive. Cargaba xa co peso da velleira, unha canga que, cando se prolonga de máis, chega a debilitar unha vida resolta e fácil, calquera existencia centrada en ideas convencionais e empequenedida por un códi-

---

<sup>3</sup> *Bouille-à-baisse* é a escolla da autora para se referir á *bullabesa*, un prato de orixe marsellesa que o escritor Álvaro Cunqueiro equiparaba co caldo de peixe típico da gastronomía galega. A grafía en inglés e francés debería ser *bouillabaisse*, mentres que na lingua provenzal cumpriría grafalo como *bolhabaissa* (de *bolh*, «ebulición», e *abaissar*, «baixar»; algo así como «fervura a lume maino», se ben non é esta a única hipótese canto á súa etimoloxía).

